

ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2021

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

A tenor dos artigos 168.1.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (R.D.L 2/2004), e 18.1.a) do R.D. 500/1990, de 20 de Abril, esta Alcaldía-Presidencia, formula a seguinte

MEMORIA DE ALCALDÍA

1. CONTIDO DOS ORZAMENTOS

O Orzamento Municipal para o exercicio 2021 ascende á cantidade de 13.700.882,40 €, o que implica equilibrio económico entre ingresos e gastos, polo que se cumpre o esixido polos artigos 165.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e 16.1 do R.D. 500/1990, de 20 de Abril. Xunto cos estados de ingresos e gastos do Orzamento Municipal e a súa documentación complementaria tramítase a aprobación das plantillas de persoal do Concello e as Bases de Execución do orzamento.

A desagregación por capítulos de ingresos e gastos e a porcentaxe que cada un deles representa respecto do total é a seguinte:

	ESTADO INGRESOS			ESTADO GASTOS		
	DENOMINACIÓN	IMPORTE	PORCENTAXE	DENOMINACIÓN	IMPORTE	PORCENTAXE
CAPÍTULO 1	IMPOSTOS DIRECTOS	4.308.000,00	31,44%	GASTOS PERSOAL	5.658.162,64	41,30%
CAPÍTULO 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	200.000,00	1,46%	COMPRA BENS CORRENTES E SERVICIOS	6.467.827,51	47,21%
CAPÍTULO 3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.520.526,00	18,40%	GASTOS FINANCIEROS	26.806,17	0,20%
CAPÍTULO 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	6.343.697,00	46,30%	TRANSFERENCIAS CORRENTES	720.599,00	5,26%
CAPÍTULO 5	INGRESOS PATRIMONIAIS	13.533,40	0,10%			0,00%
	TOTAL CORRENTES	13.385.756,40	97,70%	TOTAL CORRENTES	12.873.395,32	93,96%
CAPÍTULO 6	ENAXENACIÓN DE INVERSIÓNS REAIS	18,00	0,00%	INVERSIÓNS REAIS	489.528,00	3,57%
CAPÍTULO 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	108,00	0,00%	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	10.024,00	0,07%
CAPÍTULO 8	ACTIVOS FINANCIEROS	15.000,00	5,00%	ACTIVOS FINANCIEROS	15.000,00	4,79%
CAPÍTULO 9	PASIVOS FINANCIEROS	300.000,00	2,19%	PASIVOS FINANCIEROS	312.935,08	2,28%
	TOTAL CAPITAL	315.126,00	2,30%	TOTAL CAPITAL	827.487,08	6,04%
	TOTAL INGRESOS	13.700.882,40	100,00%	TOTAL GASTOS	13.700.882,40	100,00%



2. PRIORIDADES E LIÑAS DE ACCIÓN DO ORZAMENTO

A situación de pandemia que estamos a sufrir condiciona total e absolutamente a elaboración do orzamento do ano 2021.

A principal prioridade do orzamento vai encamiñada a adoptar medidas que axuden dun modo directo aos cidadáns, así como aos demais sectores da sociedade.

Estas medidas deben de coordinarse con políticas sociais axeitadas e efectivas, adicando partidas orzamentarias suficientes que permitan axudar a todos aqueles colectivos que se atopen en situacións de risco ou exclusión social.

3. PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS QUE CONTEÑEN ESTES ORZAMENTOS EN RELACIÓNS COS DO EXERCICIO 2019 PRORROGADO PARA 2020

A. Modificacións do estado de ingresos

As modificacións que contén o estado de ingresos destes Orzamentos en relación cos do exercicio 2019 (último aprobado) prorrogados para 2020 son, resumidas por capítulos, as que de seguido se indican:

		2018	2019	2021	DISTRIBUCIÓN	VARIACIÓN	EVOLUCIÓN 2019-2021
CAPÍTULO 1	IMPOSTOS DIRECTOS	3.727.000,00	4.157.000,00	4.308.000,00	31,44%	151.000,00	3,63%
CAPÍTULO 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	100.000,00	100.000,00	200.000,00	1,46%	100.000,00	100,00%
CAPÍTULO 3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.332.082,00	2.536.026,00	2.520.526,00	18,40%	-15.500,00	-0,61%
CAPÍTULO 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	6.274.426,60	6.175.926,60	6.343.697,00	46,30%	167.770,40	2,72%
CAPÍTULO 5	INGRESOS PATRIMONIAIS	21.383,40	12.833,40	13.533,40	0,10%	700,00	5,45%
	TOTAL CORRENTES	12.454.892,00	12.981.786,00	13.385.756,40	97,70%	403.970,40	3,11%
CAPÍTULO 6	ENAXENACIÓN DE INVERSIÓNS REAIS	18,00	18,00	18,00	0,00%	0,00	0,00%
CAPÍTULO 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	90,00	96,00	108,00	0,00%	12,00	12,50%
CAPÍTULO 8	ACTIVOS FINANXEIROS	15.000,00	15.000,00	15.000,00	0,11%	0,00	0,00%
CAPÍTULO 9	PASIVOS FINANXEIROS	350.000,00	240.000,00	300.000,00	2,19%	60.000,00	25,00%
	TOTAL CAPITAL	365.108,00	255.114,00	315.126,00	2,30%	60.012,00	23,52%
	TOTAL INGRESOS	12.820.000,00	13.236.900,00	13.700.882,40	100,00%	463.982,40	3,51%

Desagregando nos dous grandes bloques de que se compón o estado de ingresos do orzamento:



Operacións correntes.-

O total de operacións correntes orzamentadas para o exercicio 2021 ascende a 13.385.756,40 €. Isto supón un aumento do 3,11% con respecto ao orzamentado no exercicio 2019.

Os impostos directos non sofren modificacións nos seus tipos impositivos, incrementáanse as previsións tendo en conta tanto os padróns coma os cobros derivados polas liquidacións correspondentes a períodos anteriores.

Incrementábase a previsión do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, debido a que aínda que xa se nota o impacto positivo que está a producir a aplicación do Plan Xeral Municipal de Ordenación Municipal (non hai máis que revisar o número de expedientes de solicitude de licenzas para a construción de vivendas unifamiliares xa tramitados, e outros que se atopan en tramitación) obsérvase unha nova tendencia por parte dos cidadáns derivada dos cambios legislativos que permiten a presentación de comunicacións previas para a realización de múltiples obras, todo elo facilitando o acercamento da Administración ao cidadán.

Ademais, o Plan Xeral está permitindo que se tramiten iniciativas (públicas e privadas) que desenvolven o propio planeamento, a través dos correspondentes Plans Parciais ou Plan Especiais de Reforma Interior, o que permitirá a instalación de edificacións tanto de uso comercial/industrial coma residencial.

Tamén se están tramitando expedientes para a instalación de parques eólicos, o que incrementará notablemente os ingresos a través do ICIO.

En canto ao capítulo III, taxas e prezos públicos, diminúe o total da previsión anterior. Esta minoración nas previsións ten dous compoñentes totalmente diferenciados:

Por unha parte redúcese a previsión de ingresos en actividades relacionadas con actividades deportivas, as relacionadas coa infancia e xuventude e as da terceira idade en previsión dunha menor participación cidadá nestas actividades como consecuencia da situación sanitaria na que nos atopamos. Minórase igualmente a estimación do prezo público da gardería infantil debido a aplicación da modificación da lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia en relación á gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos para segundos/as fillos/as e sucesivos/as.

A previsión de incremento na recadación realizada polo ORAL ven motivada pola maior efectividade na xestión de cobro así como na inspección tributaria, o que está a provocar efectos positivos no orzamento municipal, e pon de manifesto o acertado da decisión de delegar neste Organismo ese tipo de actuacións, que noutros supostos se verían mermados por falta de medios materiais e humanos.

As transferencias correntes experimentan globalmente un incremento nas previsións, como consecuencia do incremento do financiamento previsto para o



plan concertado, G.E.S., prevención drogodependencias etc. Ao igual que en 2019 e anteriores, tamén se inclúe como previsión, a achega da Consellería do Medio Rural aos incendios forestais, segundo o estipulado no convenio de colaboración. Mantense a previsión da Participación do Ingresos do Estado: nos últimos exercicios os importes liquidados foron superiores aos previstos, sen embargo prevese que non se cheguen a acadar as transferencias de anos anteriores, polo que a previsión estímase adecuada.

A falla de aprobación dos Presupostos Xerais do Estado condiciona notablemente as previsións que se poidan realizar neste aspecto.

O peso relativo dos ingresos correntes no seu montante total é de 97,70 %, fronte ós 98,07 % do orzamento de 2019, prorrogado para 2020.

Operacións de capital.-

Os ingresos derivados de operacións de capital aumentan o seu peso relativo no orzamento inicial: dun 1,93 % no exercicio 2019 pásase a un 2,30 % no actual.

Como ven sendo habitual, os ingresos de capital das distintas administracións públicas para o financiamento dos investimentos, non se inclúen como previsións iniciais, senón que serán obxecto de xeración de crédito coas aportacións das mesmas.

O capítulo 9 “pasivos financeiros” aumenta a previsión a 300.000,00 euros que se destinarán ao financiamento de investimentos en pavimentación e melloras viarias no rural.

Polo demais é preciso ter en conta que a modalidade prevista de formalización da operación mediante a apertura dunha liña de crédito, permitirá ir acomodando o ritmo de recurso a préstamo coa evolución da execución das inversións, non xerando carga financeira en tanto non sexa preciso en función das necesidades xeradas polos gastos que financia. Poderán concertarse operacións de crédito no exercicio 2021 se o aforro neto do último exercicio liquidado resulta positivo, como resulta da Liquidación do exercicio 2019, en aras ó establecido na disposición adicional 14ª do RDL20/2011 de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

B. Modificación do estado de gastos

As modificacións que conteñen o estado de gastos do exercicio 2021 en relación ó do 2019 prorrogado para 2020 responde ó seguinte esquema:

		2018	2019	2021	DISTRIBUCIÓN	VARIACIÓN	EVOLUCIÓN 2019-2021
CAPÍTULO 1	GASTOS PERSOAL	5.072.556,00	5.413.401,01	5.658.162,64	41,30%	244.761,63	4,52%
CAPÍTULO 2	COMPRA BENS CORRENTES E SERVIZOS	5.942.731,38	6.408.120,91	6.467.827,51	47,21%	59.706,60	0,93%
CAPÍTULO 3	GASTOS FINANCEIROS	43.390,04	24.513,06	26.806,17	0,20%	2.293,11	9,35%



CAPÍTULO 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	668.505,00	722.999,00	720.599,00	5,26%	-2.400,00	-0,33%
TOTAL CORRENTES		11.727.182,42	12.569.033,98	12.873.395,32	93,96%	304.361,34	2,42%
CAPÍTULO 6	INVERSIÓN REAIS	599.664,00	182.201,92	489.528,00	3,57%	307.326,08	168,67%
CAPÍTULO 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	90.024,00	229.424,00	10.024,00	0,07%	-219.400,00	-95,63%
CAPÍTULO 8	ACTIVOS FINANCIEROS	15.000,00	15.000,00	15.000,00	0,11%	0,00	0,00%
CAPÍTULO 9	PASIVOS FINANCIEROS	388.129,58	241.240,10	312.935,08	2,28%	71.694,98	29,72%
TOTAL CAPITAL		1.092.817,58	667.866,02	827.487,08	6,04%	159.621,06	23,90%
TOTAL GASTOS		12.820.000,00	13.236.900,00	13.700.882,40	100,00%	463.982,40	3,51%

Gastos de persoal.

Nas previsións para o ano 2021 destaca o incremento da partida destinada a negociación colectiva. É previsible que o ao longo do ano entre en vigor a Relación de Postos de Traballo que na actualidade está en fase de execución de sentenza.

O Concello contratou á Universidade da Coruña a devandita adaptación, tendo un prazo máximo de 10 meses para a súa entrada en vigor, tal e como se lle comunicou ao Xulgado no seu día.

Coa entrada en vigor do citado instrumento os traballadores verán actualizados os seus salarios, dun modo xusto e equitativo, e cunhas valoracións obxectivas e acorde ás funcións que se están realizando, nunha Administración cada vez máis dixitalizada, e co emprego de novas ferramentas tecnolóxicas.

Inclúense, tamén, das dotacións para a contratación de persoal laboral temporal, considerando este grupo de goberno que se trata de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

Dótase crédito no capítulo I para a recollida de lixo e limpeza viaria, non obstante no caso de licitar o servizo deberá realizarse a transferencia de crédito correspondente.

Gastos en bens correntes e servizos.-

No capítulo 2, relativo ás consignacións destinadas a bens correntes e servizos, dótanse créditos para atender suficientemente ós diferentes contratos subscritos por este Concello para atender-los diversos servizos municipais. Así mesmo dótase, ao igual que nos últimos anos, unha partida para facer fronte á aportación municipal derivada da execución da Estratexia de Desenvolvemento Urbana e Sostible.

Trátase de mellorar os servizos prestados polo Concello e ao mesmo tempo restrinxir o consumo de subministros, como poida ser o material de oficina, teléfonos ou subministro de enerxía eléctrica.

Carga financeira: intereses e amortización do capital.-

No relativo ás dotacións para amortización e intereses, aumentan as previsións,



en función dos préstamos concertados e os cadros de amortización previstos.

A consignación de intereses para a nova operación realízase sobre a previsión de disposición gradual dos fondos, tal como ven sendo habitual neste tipo de operacións, se ben non se prevé dita disposición ata o remate do período de carencia.

Transferencias correntes.-

Disminúe lixeiramente o importe total das aplicacións destinadas a subvencións correntes como consecuencia da adecuación das previsións das subvencións nominativas ás efectivamente solicitadas e concedidas aos distintos colectivos.

Inversións.-

Recóllense os investimentos habituais para arranxos e mantemento dos existentes.

É salientable o grao de execución da EDUSI que convirte ao Concello da Estrada nun referente a nivel nacional. Ao longo do ano 2021 alcanzárase practicamente o 100 % da axuda, amosando unha gran capacidade de xestión en retos de gran envergadura. Ao mesmo tempo realizáronse inversións con cargo ao Plan Concellos da Deputación Provincial.

Durante o ano 2021 tamén se executará o proxecto de eficiencia enerxética vinculado ao IDAE, nunha clara aposta de conxugar o urbano e o rural, e de igualdade nos servizos.

4.- MODIFICACIÓNS NAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.

No "Título II "O orzamento para 2021 e as súas modificacións", modifícanse as seguintes Bases:

Base 6ª: Actualízase o total do orzamento de 2021 con detalle por áreas de gasto.

Base 10ª: Niveis de vinculación xurídica dos créditos: inclúese o apartado c) como regras específicas.

Base 23ª: Segundo proposta da Sra Tesoureira Acctal., no relativo á ordenación de pagamentos.

Base 29ª.- Contratos menores. Regúlase a tramitación e procedemento dos gastos que pola súa contía deban considerarse contratos menores conforme ao disposto no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, coas recomendacións adaptadas a esta Entidade, da Instrución 1/2019, de 28 de febreiro de 2019, da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación.

No Título IV: Gastos de persoal, modifícanse as seguintes bases:



BASE 46ª: Incremento de retribucións do persoal ó servizo do concello

BASE 49ª: Persoal funcionario

BASE 50ª: Persoal laboral

BASE 51ª: Persoal eventual, contratado e interino.

Con obxecto de adecualas ao regulado no R.D.L. 2/2020 do 21 de xaneiro do 2020.

BASE 49ª.8: Persoal funcionario, onde dicía “días efectivos” substitúese por días naturais para evitar diferentes interpretacións.

BASE nº 52: Retribucións e indemnizacións dos membros da corporación.

Modifícase a Base nº 52 para axustar as contías ao Pleno de organización da Corporación, expte nº 2019/PLN/10, celebrado o día 21 de xuño de 2019, en canto ás asignacións por asistencia aos órganos colexiados, que pasan de 72,12 euros por asistencia a 85,00 euros.

No Título V: Subvencións, modifícanse as seguintes Bases:

Na Base 53ª: Engádese un apartado XV.- Base de Datos Nacional de subvencións, co obxecto de promover a transparencia e cumprimento do RD 130/2019 BDNS.

Modifícase a base adicional única “Subvencións a grupos políticos”, para axustar as contías ao Pleno de organización da Corporación, expte nº 2019/PLN/10, celebrado o día 21 de xuño de 2019. As asignacións pasan, no compoñente fixo, de 375,00 euros a 250,00 euros mensuais por grupo, e de 24,04 a 47,61 euros mensuais por Concelleiro/a.

CONCLUSIÓN

O orzamento do ano 2021 cumpre escrupulosamente co prazo que recolle a lexislación en vigor para a súa aprobación. É este o primeiro exemplo da implicación e xestión do grupo de goberno ante os momentos difíciles que todos estamos a vivir derivados da pandemia provocada polo COVID-19.

A aprobación do novo orzamento permitirá que dende o primeiro momento se poidan executar actuacións deseñadas para tratar de paliar os efectos negativos que o coronavirus está a provocar, tratando de minimizar o incertidume que a situación provoca, e buscando estímulos claros para tratar de avanzar en mellores condicións.

O orzamento do ano 2021 é o espaldarazo definitivo á decisión adoptada no mes de setembro deste ano coa modificación orzamentaria realizada, e que permitiu comezar a realizar actuacións claras e decididas nunha política de acercamento aos cidadáns e aos seus problemas.



A entrada en vigor do novo orzamento supón anticiparse aos importantes problemas que está segunda oleada da pandemia (e agardemos que última) vai a provocar, sendo un orzamento claramente social.

Como exemplo desas políticas sociais están as políticas encamiñadas a dar un servizo directo aos estradenses, incluso en aqueles ámbitos que non son propiamente municipais, como a limpeza nos centros educativos, ou más medidas de hixiene adoptadas en todos os espazos públicos.

Os orzamentos tamén destacan por incluír proxectos claramente transformadores, en clara sintonía co que demanda na actualidade a Unión Europea. Proxectos que inciden directamente nunha mellora da mobilidade, eficiencia enerxética, posta en valor do patrimonio cultural e natural, reactivación do turismo sobre todo no medio rural, etc.

Actuacións todas elas que amosan unha forma diferente de xestionar o patrimonio de todos, e que claramente se enmarcan dentro das políticas do século XXI máis innovadoras a nivel europeo.

Claro exemplo de elo son os diferentes programas e axudas nas que o Concello da Estrada está inmerso, como poden ser o DUSI ou o IDAE.

Todo elo fai, que xunto co Plan Concellos da Deputación de Pontevedra e os propios fondos municipais, que se poidan levar a cabo grandes accións transformadoras no noso municipio.

Resulta destacable, tamén, a capacidade de entendemento que ten este Concello con outras Administracións e con outros inversores. Servan como exemplo grandes infraestruturas como a Residencia de Maiores, o Centro de Saúde ou a construción dun novo Xulgado.

O Concello da Estrada, derivada destas políticas descritas anteriormente, atópase nun lugar privilexiado para optar á captación de fondos europeos, sobre todo cando está sobre a mesa o xeito de repartir os 140.000 millóns de euros que a Unión Europea destina ao noso país.

E atópase nunha situación privilexiada porque este Concello foi quen de aprobar un Plan de Mobilidade, de ter en marcha un Plan de accesibilidade, de formar parte do Plan de acción contra a enerxía, de integrarse na rede de Concellos Saudables, etc., actuacións todas elas que levan a ter un municipio de referencia nas políticas máis avanzadas da Unión Europea, claramente integradoras e favorecedoras dun mellor nivel na calidade de vida.

O Alcalde, na Estrada.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE

